



Teaching Guide				
Identifying Data				2021/22
Subject (*)	Mental Health Nursing	Code	750G01015	
Study programme	Grao en Enfermaría			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Second	Obligatory	6
Language	Spanish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Ciencias da Saúde			
Coordinador	Varela Feal, Nuria Esther	E-mail	nuria.varela.feal@udc.es	
Lecturers	Varela Feal, Nuria Esther	E-mail	nuria.varela.feal@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
General description	<p>Preténdese capacitar o futuro profesional de enfermaría para que, ao empregar os coñecementos adquiridos, poida observar, identificar e dar resposta ás necesidades emocionais do individuo, da familia e da comunidade, tratando de pór ao seu alcance os instrumentos necesarios que posibiliten o manexo ante as situacións determinadas, para así poder valorar os problemas de enfermaría e planificar os cuidados encamiñados a responder ás necesidades, as condutas e os sentimentos do paciente, integrando plenamente a atención na saúde mental.</p>			
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy 			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A59	Coñecer os problemas de saúde mental máis relevantes nas diferentes etapas do ciclo vital, proporcionando cuidados integrais e eficaces, no ámbito da enfermaría.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Descibir os principais problemas de Saúde Mental.	A59	B3 B4 B8 B15 B16 B24	C7 C8 C11
Identificar as necesidades de coidado das persoas con problemas de Saúde Mental.	A59	B2 B3 B4 B5 B7 B8 B16 B24	C3 C6 C12
Planificar coidados de Enfermaría para as persoas con problemas de Saúde Mental.	A59	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B15 B16 B24	C3 C6 C10

Contents	
Topic	Sub-topic



UNIDADE DIDACTICA I: INTRODUCCIÓN Á ENFERMARÍA
PSIQUIATRICA E DE SAÚDE MENTAL

TEMA 1.- Introducción á enfermaría psiquiátrica.

1.1 Concepto de saúde mental

1.2 Historia da psiquiatría e da enfermaría psiquiátrica

1.3 Definición de enfermaría en saúde mental.

TEMA 2.- Rol da/o enfermeira/o na saúde mental

2.1 Función social da enfermaría na saúde mental

2.2 A entrevista clínica no contexto da saúde mental.

2.3 Achegas terapéuticas da enfermaría ao equipo interprofesional.



UNIDADE DIDACTICA II: PROCESOS
PSICOPATOLOXICOS

TEMA 3.- Bases conceptuais da psicopatoloxía clasificación dos diagnósticos.
3.1 Enfermidade psiquiátrica e trastorno en psiquiatría 3.2 Bases biolóxicas, psicolóxicas e sociais da psiquiatría 3.3 Principais alteracións dos procesos psicolóxicos
3.4 Sistemas de clasificación dos diagnósticos.

TEMA 4.- Trastornos psicóticos.

4.1 Concepto.

4.2 Manifestacións.

4.3 Intervencións.

TEMA 5.- Trastornos do estado de ánimo.

5.1 Concepto.

5.2 Manifestacións.

5.3 Intervencións.

TEMA 6.- Trastornos por ansiedade.

6.1 Concepto.

6.2 Manifestacións.

6.3 Intervencións.

TEMA 7.- Trastornos somatomorfos e dissociativos.

7.1 Concepto

7.2 Manifestacións

7.3 Intervencións.

TEMA 8.- Trastornos da conduta alimentaría.

8.1 Concepto

8.2 Manifestacións

8.3 Intervencións.

TEMA 9.- Trastornos da personalidade.

9.1 Concepto

9.2 Manifestacións

9.3 Intervencións.

TEMA 10.- Trastornos relacionados con substancias psicoactivas.

10.1 Concepto

10.2 Clasificación das drogas

10.3 Manifestacións

10.4 Intervencións.

TEMA 11.- Delirium e demencia.

11.1 Concepto.

11.2 Manifestacións clínicas.

11.3 Intervencións.

TEMA 12.- Trastornos do inicio na infancia, nenez e adolescencia.

12.1 Concepto

12.2 Manifestacións



12.3 Intervencións.

TEMA 13.- Trastornos do soño.

13.1 Concepto

13.2 Manifestacións

13.3 Intervencións.



<p>UNIDADE DIDACTICA III: ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.</p>	<p>TEMA 14.- Técnicas grupais en saúde mental: 14.1 Grupos terapéuticos. 14.2 Grupos de discusión multifamiliar.</p> <p>TEMA 15.- Intervención familiar. Modelo PAS y Dialogo Abierto.</p> <p>TEMA 16.- Técnicas de intervención en situacións de urxencia psiquiátrica: 16.1 Concepto de urxencia psiquiátrica. 16.2 Protocolos de intervención.</p> <p>TEMA 17.- Estratexias de intervención en situacións de duelo: 17.1 Concepto de duelo. 17.2 Tipos de duelos. 17.3 Proceso de acompañamento.</p>
--	---

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Objective test	A59 B2 B3 B4 B8 C6 C11	2	15	17
Critical bibliographical	B3 B8 B16 C6 C7 C11	0	15	15
Online forum	B3 B4 B8 B16 C3 C11	0	19	19
Simulation	A59 B2 B3 B5 B6 B7 B15 B16 B24 C10 C11 C12	13	34	47
Workshop	A59 B2 B5 B7 B15 B16 C10 C12	6	6	12
Guest lecture / keynote speech	A59 B3 B4 B8 B16 C7 C8	21	15	36
Personalized attention		4	0	4

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Objective test	<p>Exame tipo test. A proba será elaborada co fin de valorar o nivel de coñecementos teóricos do alumnado.</p> <p>A proba poderá realizarse de maneira presencial ou virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais.</p>
Critical bibliographical	<p>A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema.</p> <p>A lectura crítica da documentación aportada (capítulo libros, artigos, tesis...) complementarase con a resposta, por parte do alumnado, a unha serie de preguntas realizadas sobre o tema.</p> <p>- Esta metodoloxía realizarse de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.</p>



Online forum	<p>Espazo de discusión informal destinado aos estudantes para o tratamento dun tema ou problema, que se desenvolve a través dunha contorna virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro).</p> <p>- Esta metodoloxía realizarse de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.</p>
Simulation	<p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> <p>Cada grupo realizará, por medio dun escenario de simulación, varios vídeos dunha duración de entre 8-10' onde se recolla o manexo dunha situación indicada polo docente.</p> <p>- O alumnado dividirse en grupos de número reducido.</p> <p>- Unha parte desta metodoloxía poderase realizar de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.</p>
Workshop	<p>Obradoiros deseñados para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do docente por medio da simulación e da práctica deliberada. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Nunha sesión conxunta con cada grupo trabállanse as habilidades que se identificaron previamente nas simulacións presentadas en vídeo e propóranse accións de mellora detectadas a partir da rúbrica de avaliación. Nestas sesións o docente, por medio do modelado, presentará a conduta ou habilidade que se quere mellorar e posteriormente, a través da dramatización ou role playing, os alumnos ensaiarán a conduta ou práctica que se pretende mellorar e/ou aprender. Finalmente, realizarase un debriefing e peche da sesión.</p> <p>- O alumnado dividirse en grupos de número reducido.</p> <p>- Unha parte desta metodoloxía poderase realizar de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre o docente e o alumnado.</p>
Guest lecture / keynote speech	<p>Os contidos teóricos básicos da materia serán impartidos mediante lección maxistral, pero cun enfoque participativo por parte do alumnado. Baseada na exposición oral complementada co uso de audiovisuais e introdución dalgunhas preguntas dirixidas o alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>- Esta metodoloxía realizarse de maneira virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual a canle principal de comunicación entre os docentes e o alumnado.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
Workshop Simulation Critical bibliographical	A atención personalizada ten como finalidade orientar o alumnado na realización das diferentes actividades integradas na materia. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
---------------	--------------	-------------	---------------



Online forum	B3 B4 B8 B16 C3 C11	Valórase a participación e a capacidade reflexiva sobre os temas achegados e/ou expostos nos foros, a expresión escrita dos comentarios, suxestións e/ou reflexións expostas polo alumnado. A súa capacidade de análise e pensamento crítico, así como a súa creatividade. É obrigatoria, a participación no foros supón o 10% (1 punto) da nota final.	10
Workshop	A59 B2 B5 B7 B15 B16 C10 C12	Valórase a participación nos obradoiros, as habilidades e conductas mostradas como resposta as accións de mellora e a adquisición de novas habilidades a través da práctica dramatizada ou role playing a partir da rúbrica de avaliación presentada inicialmente. É obrigatoria e supón o 20% (2 puntos) da nota final. Será necesario alcanzar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades.	20
Objective test	A59 B2 B3 B4 B8 C6 C11	Exame tipo test, cunha única resposta correcta. É obrigatoria e supón un 40% (4 puntos) da nota total. As respostas incorrectas descontarán aplicando a seguinte fórmula: Puntuación= nº de acertos-(nº de errosx0.5). Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades.	40
Critical bibliographical	B3 B8 B16 C6 C7 C11	A comprensión da documentación achegada valórase a través das respostas, por parte do alumnado, a unha serie de preguntas realizadas sobre o tema ou a entrega de breves comentarios sobre o contido dos textos. É obrigatoria e supón o 30% (3 puntos) da nota final. Será necesario alcanzar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades.	30

Assessment comments

Para superar a materia no SISTEMA ORDINARIO (obrigatorio para todo o alumnado con matrícula ordinaria) o estudiantado debe superar cada unha das partes: recensión bibliográfica (30%), obradoiro (20%), foro virtual (10%) y proba obxectiva (40%).

A cualificación de non presentado: otorgarase ao alumnado que non se presente ao exame nin participe nas actividades programadas.

O alumnado da convocatoria adiantada de Decembro e Segunda Oportunidade, debe cumprir os mesmos requisitos que nas convocatorias ordinarias.

O alumnado con matrícula a tempo parcial (con o sin dispensa académica) poderá optar a non acudir as actividades grupais presenciais, pero deberá traballar nas actividades programadas (según a documentación do moodle) e presentalas de forma individual na plataforma moodle ou de forma presencial nas tutorías programadas.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e finalicen as actividades programadas coa cualificación de aprobado, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a proba obxectiva, tendo en conta que a cualificación da mesma fará media coa cualificación obtida no curso académico no que cursase o resto de actividades.

Para optar á matrícula de honra, o alumnado deberá acadar unha calificación final entre 9,6 - 10.

SEGUNDA OPORTUNIDADE E OUTRAS: O/a estudante de "2ª oportunidade e outras" seguirá o sistema de avaliación da 1ª oportunidade. Poderá presentar as actividades académicas pendentes, ou as non superadas, e acudir á proba obxectiva.

Sources of information



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Francés et al (2015). DSM.V (Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales). . Barcelona: MASSON - Mejías Lizancos F. Serrano Parra M. D. (2000). Enfermería en Psiquiatría y salud mental. . Madrid: Piramide - O´ Brien Kennedi Ballard (2000). Enfermería Psiquiátrica. México: Mc Graw - Hill - Cyrulnik Boris (2015). Las almas heridas. Barcelona: Gedisa - Neimeyer, R. A., & Ramírez, Y. G. (2002). Aprender de la pérdida: una guía para afrontar el duelo. Barcelona: Paidós - Varela, Nuria, Escudero, Valentín y López, Silvia (2015). Familias y enfermedad física: [Manual de intervención familiar y multifamiliar. Madrid: Editorial Grupo5 - Read John, Mosher Loren R. and Bentall Richard P. (2006). Modelos de locura. Barcelona: Herder - Judith Herman (2004). Trauma y recuperación. Madrid: Espasa Calpe - Froma Walsh (2004). Resiliencia familiar. Buenos Aires: Amorrortu - Lafuente Mª Jose, Cantero Mª Jose (2010). Vinculaciones afectivas. Madrid: Pirámide <p>Otra bibliografía de interés:González Pardo Héctor y Pérez Álvarez Marino (2007) La invención de trastornos mentales. Alianza Editorial S.A. Madrid. Video de Boris Cyrulnik sobre la resiliencia. https://youtu.be/nDjbcUosaPgBoris Cyrulnik: Resiliencia y arte, los relatos del trauma https://www.youtube.com/watch?v=6CC_g157QL0&sns=emVideo de redes sobre ?aprender a gestionar las emociones? https://youtu.be/q-KkdMrAz-8Luigi cancrini: ?Yo veo al niño que llora en cada paciente?http://www.lavanguardia.com/lacontra/20170301/42394984516/yo-veo-al-nino-que-llora-en-cada-paciente.html?utm_campaign=botones_sociales</p>
<p>Complementary</p>	<p>Aportarase bibliografía actualizada a través de artigos científicos relacionados cos temas a traballar.O estudiantado disporá de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.</p>

Recommendations	
Subjects that it is recommended to have taken before	
Psychology/750G01003	
Subjects that are recommended to be taken simultaneously	
Pharmacology/750G01011	
Subjects that continue the syllabus	
Clinical Placement I/750G01025	
Clinical Placement II/750G01026	
Clinical Placement III/750G01027	
Clinical Placement IV/750G01028	
Clinical Placement V/750G01029	
Clinical Placement VI/750G01030	
Clinical Placement VII/750G01031	
Practicum/750G01032	
Other comments	



ADAPTACIÓN DE PRESENCIALIDAD Á SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA: Todas as actividades presenciais realizaranse con asentos preasignados, con máscara, ventilación, non permitindo o consumo de alimentos e bebidas e asegurando que se cumpran as medidas de prevención e hixiene do centro establecidas e publicadas en: <https://udc.es/es/fep/coronavirus>/No caso de que o grupo de docencia maxistral chegue a superar as indicacións do aforamento da aula estableceranse grupos rotativos de docencia híbrida, onde os estudantes que non caiban na aula seguirán esa semana a docencia de forma telemática e á seguinte de forma presencial, sendo outro grupo o que a realice de forma telemática, segundo planificación establecida polo docente da materia. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", esta materia ten en conta as recomendacións de SUSTENTABILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.